

Circular da Dirección Deportiva de 26/02/2025

Convocatoria solicitude participación no Programa de Tecnificación e Rendemento FEGATRI para acudir a COPA DE EUROPA DE QUARTEIRA 2025

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno dentro do programa de tecnificación e rendemento, ten establecido o apoio a deportistas con licenza galega pertencentes a clubs galegos de interese federativo, para a súa promoción deportiva nacional e internacional.

Conforme ao anterior e co gallo da celebración da Copa de Europa de Quarteira (Portugal), o próximo 29 e 30 de marzo de 2025, ábrese prazo de solicitude para acceder á colaboración anterior para deportistas que estén aceptados/as na lista de inscrición de dita Copa de Europa a través deste programa.

Condições Programa Tecnificación- Selección Galega Copa de Europa de Quarteira:

A FEGATRI asumirá os seguintes custes:

- Viaxe Pontevedra-Quarteira (ida e volta)
- Saída 27 de marzo e regreso 30 de marzo
- Manutención e Aloxamento entre o 27 e 30 de marzo

O/A Deportista farase cargo dos seguintes custes a través da formalización da inscrición no programa para o evento de referencia:

- Desprazamento ata Pontevedra (ida e volta)
- Inscrición no programa que levará consigo a xestión do tritraxe FEGATRI para participar no evento.
- Tritraxe oficial World Triathlon da FEGATRI

- Contacto: Adrián (Responsable de menores)
646.609.171
menores@fegatri.org
- Ultimo dia para solicitar o Tritraxe: 02/03/2025

Formalización da solicitude a través da plataforma de inscricións

Deportistas solicitantes deberán inscribirse no programa de tecnificación e rendemento para participar en Copas continentais e do mundo nas tarifas correspondentes.

Quarteira- Deportistas con xestión de tritraxe : 80 €

Quarteira- Deportistas que xa teñan tritraxe FEGATRI: bonificada

<https://fegatri.org/solicitude-participacion-no-programa-de-tecnificacion-e-rendemento-gst-gif-para-acudir-a-copas-continentais-e-do-mundo-2025/>

O acceso a esta colaboración SERÁ INCOMPATIBLE coa solicitude e recepción de axudas para deportistas galegos/as para a súa participación en probas internacionais en 2025 (non se terá en conta a proba na xustificación das axudas)

CONSIDERACIÓNS

TÉCNICOS FEGATRI RESPONSABLES

CARLOS DAVID PRIETO

XAN XOSÉ SUAREZ VILELA

ASPECTOS DE UNIFORMIDADE

Ao tratarse dunha convocatoria oficial da Federación Galega de Tríatlon e péntatlon moderno (FEGATRI), é necesario ir uniformados/as coa equipación oficial e competir co tritraxe oficial FEGATRI.

ALOXAMENTO

Hotel ATISMAR

BICICLETAS

As bicicletas deberán estar no CGTD de Pontevedra, o xoves 27 de marzo antes das 11:00h, para cargar nas furgonetas. Avisar aos técnicos por teléfono.